

PROMISES



TÍTULO ORIXINAL Promises

ANO 2001

DURACIÓN 106 min.

PAÍS Israel

DIRECCIÓN Justine Shapiro, B.Z. Goldberg, Carlos Bolado

GUIÓN Justine Shapiro & B.Z. Goldberg

FOTOGRAFÍA Justine Shapiro, B.Z. Goldberg, Carlos Bolado

REPARTO Documental

PRODUCTORA Coproducción Israel-USA

PREMIOS E NOMEAMENTOS

NOMEAMENTOS: *Mellor Documental*, 74ª Edición dos Premios da Academia · *Mellor Documental*, Premio IFP Spirit · *Premio Truer than Fiction*, Premio IFP Spirit

PREMIOS: 2002. *Mención NBR á Liberdade de Expresión* National Board of Review · 2002. Premio Michael Landon por *Servicio Comunitario á Xuventude* 23º Premio Anual a Xoves Artistas · 2001. Festival Internacional de Cine de Rotterdam *Premio do Público á Mellor Película* · 2001. Festival de Cine de Munich *Premio Liberdade de Expresión* · 2001. Festival de Cine de Xerusalén *Premio Especial do Festival* · 2001. Festival Internacional de Cine de Locarno *Premio Especial Ecuménico do Xurado* · 2001. Festival Internacional de Cine de San Francisco *Premio do Público ó Mellor Documental / Gran Premio ó Mellor Documental / Premio Golden Gate* · 2001. Festival Internacional de Cine de Vancouver *Premio do Público / Premio á Diversidade en Espírito* · 2001. Festival Internacional de Cine de Hamptons *Mellor Documental* · 2001. Festival Internacional de Cine de Sao Paulo *Mellor Documental / Premio do Público* · 2001. Festival Internacional de Cine de Valladolid *Mellor Documental* · 2001. Festival Internacional de Cine de Paris *Premio do Público á Mellor Película*.

AS FLORES DO MAL por Noa Marcos



Pouca xente – si exceptuamos a Peter Jackson – dedica varios anos da súa vida (cinco, neste caso) a rodar unha película. *Promises* fai realidade unha idea que, dende 1998, viña rondando pola testa do xornalista B.Z. Golberg. A este xudeu norteamericano, que pasou a súa infancia en Xerusalén, uníronselle á xudía sudafricana Justine Shapiro, experimentada en documentais para televisión (*Lonely Planet*) e o montador mexicano Carlos Bolado (*Como auga para*

chiculate, Amores cans).

O resultado é *Promises*, unha cinta preñada de sinceridade que afronta a ardua tarefa de retratar a vida diaria en Xerusalén e os seus lindeiros. Ata alí nos trasladan as cámaras nunha terra disputada, santa para tres relixións monoteístas (bótase en falta, na película, un neno árabe cristián). Sete historias narradas por Goldberg (en primeira

persoa e ante o obxectivo) no seu percorrido polos barrios de Xerusalén, campos de refuxiados palestinos e asentamentos xudeus.

Polo lado israelí, hai dous xemelgos de talante laico, apaixonados do voleibol e residentes en Xerusalén. Tamén vive alí un xudeu que estudia doce horas diarias a Torá nunha escola relixiosa. *Moishe*; é un colono israelí de extrema dereita que vive nun asentamento fortificado. Os palestinos son *Mahmoud*, un parlanchín e categórico árabe de pelo roxo e ollos verdes que vive en Xerusalén; *Faraj*, un musulmán partidario de Hamas; e *Sanabel*, refuxiada palestina dunha “moderna” familia árabe, apaixonada da danza. Salvado o discurso da propaganda, o documental ten gran humanidade e abre interrogantes que non permiten respostas practicables.

A pegada que deixa neses nenos a proximidade do odio e a violencia chega vigorosamente ó espectador, que os oe falar de morte, cadáveres, explosións e política. As opinións son contundentes e definidas, chocantes pola súa madurez (os nenos teñen entre nove e trece anos).



“Os nenos son o que poden ser. Son a promesa”, dixo o mexicano Bolado na rolda de prensa madrileña. O intelixente e hábil guión, os insertos de maxestosos planos aéreos de Xerusalén, a proximidade da cámara en man e a amena montaxe dan lugar a unha película moi intelixente, que debe moito ó olfacto xornalístico que lle permitiu salvar dificultades evidentes, como a que supuña filmar os pasos polos postos

de control custodiados polo exército. Premiado en Rotterdam, Munich, Xerusalén, Locarno, San Francisco, Vancouver, Hamptons, Sao Paulo, París e Valladolid, candidato ó Óscar ó Mellor Documental, *Promises* fai honor ó seu título, no esforzo esperanzado dos realizadores.